

## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2017

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta de novembro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, réunese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 30 de novembro de 2017, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_201711301900180000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### 1. PARTE RESOLUTIVA

#### **1.1. Suspensión se procede dos procedementos de outorgamento de licenzas e comunicacións previas para a instalación de actividades de espaxemento con horario de peche que supere ás 4.00 horas e de actividades de talleres mecánicos e de chapa e pintura de automóviles**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:00:42

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 20 de novembro de 2017, que consta do seguinte teor literal:

“En relación coas providencias desta Concellería Delegada da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente dos pasados 15 e 17 de novembro polas que se solicita informe sobre a posibilidade e conveniencia de suspender os procedementos de outorgamento de licenzas para a implantación de actividades de ocio ou espaxemento con horario de peche que supere ás 4.00 horas e de actividades de talleres mecánicos e de chapa e pintura de automóviles nos solos urbanos residenciais do temo municipal de Cambre.

Visto o informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, con data do 20 de novembro de 2017.

Por esta Concellería Delegada da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente elévase ao Pleno municipal a seguinte proposta de **ACORDOS** a adoptar:

**Primeiro:** Suspende o procedemento de outorgamento de licenzas e comunicacións previas para a instalación das actividades de ocio e esparexemento de cafés-cantante, cafés-concerto, cafés-teatro, discotecas, salas de baile, salas de festa e tablaos flamencos e de talleres mecánicos e de chapa e pintura de automóviles en edificios de vivendas ou en edificios específicos acorodados a outros de carácter residencial en todos os solos urbanos residenciais do termo municipal de Cambre durante o prazo dun ano co obxecto de estudar a modificación das Normas subsidiarias de planeamento no que á ubicación das ditas instalacións e actividades se refire, de conformidade co artigo 47.1 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

**Segundo:** Publicar o presente acordo no *Diario Oficial de Galicia* e nun xornal dos de maior difusión da provincia, de conformidade co precepto indicado."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 23 de novembro de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **1.2. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:30:41

Este punto non foi utilizado.

## **2. PARTE DECLARATIVA**

### **2.1. Declaracións institucionais**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:30:48

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da declaración institucional polo día internacional contra a violencia contra a muller. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do

BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aprobou a declaración de urxencia da declaración presentada.

### **Única: Declaración institucional do Concello de Cambre polo día internacional contra a violencia contra a muller**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:31:29

A secretaria xeral dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“A conmemoración do día internacional da eliminación da violencia cara ás mulleres o 25 de novembro, aprobado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa resolución 54/134, o 17 de decembro de 1999, pon de manifesto que a violencia de xénero, nas súas últimas formas, constitúe a máis estendida e grave violación dos dereitos humanos, cuxa raíz atópase na desigualdade estrutural entre mulleres e homes na que se asentán as actuais sociedades patriarcais.

A violencia de xénero afunde as súas raíces na histórica desigualdade que tiveron e aínda seguen tendo as mulleres, como consecuencia do patriarcado existente nas nosas sociedades, por iso é fundamental abordar a súa erradicación dende as políticas de igualdade, dende o feminismo, para favorecer unha cultura da igualdade fronte a unha cultura da submisión.

Por iso é fundamental facer políticas de prevención, sensibilización e detección, que englobe a violencia contra as mulleres de forma integral, que partan da orixe estrutural da violencia e que sexan capaces de detectar as diferentes formas de expresión da violencia machista.

Máis de 900 mulleres foron asasinadas en España dende 2003 como consecuencia da violencia machista. No que vai de ano, xa son 45 as mulleres asasinadas polas súas parellas ou ex-parellas, 8 as nenas e nenos menores de idade asasinadas/os e 22 nenas e nenos orfos a causa da violencia machista.

A violencia machista que perpetra centos de asasinatos de mulleres, é a expresión violenta máis detectable; e fronte a iso temos que manifestar con nitidez, que é responsabilidade da sociedade no seu conxunto, facendo fincapé en que se non se encara a violencia patriarcal en todas as súas vertentes, os asasinatos seguirán producíndose. A prostitución e a trata, a brecha salarial, as agresións sexuais, os micromachismos,.... pertencen a esas vertentes machistas que MATAN!

A Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (1/2004) e a Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (11/2007), froito das reivindicacións do movemento feminista, lograron dotar ao país de múltiples recursos destinados á prevención e ao tratamento da violencia de xénero e da atención ás vítimas. Lograron situar a España á vangarda da loita contra a violencia de xénero. Agora ben, a crise económica sumada aos outros factores conxunturais fixo que sexa o momento de revisar o seu desenvolvemento, de reformular certos aspectos mellorables e de dotar máis recursos económicos para lograr o desenvolvemento efectivo das medidas contempladas na lexislación.

Dende o Concello de Cambre cremos indispensable facer novamente público o seu compromiso co desenvolvemento de medidas de sensibilización, prevención, detección, apoio ás vítimas, coeducación e a actuación integral no ámbito da igualdade. De aí a recente elaboración do II Plan de igualdade entre mulleres e homes do Concello de Cambre, a través dun proceso participativo, onde se recollen medidas e obxectivos a dous anos vista en relación á promoción da igualdade, á prevención da violencia machista e ao apoio ás vítimas de violencia machista, que se agarda levar ao Pleno da Corporación durante o mes de xaneiro de 2018 (logo do análise por parte das diferentes formacións políticas da Corporación).

A folia de ruta para o Concello de Cambre ten que vertebrarse a través da consecución dun servizo específico de atención ás mulleres e ás políticas de igualdade dun xeito integral e cunha perspectiva feminista. Hai que potenciar a autonomía das mulleres vítimas da violencia machista. Hai que pechar o círculo de atención integral (social, psicolóxico, xurídico, vivenda e laboral) ás vítimas e centralizar e potenciar ás políticas de igualdade desde un recurso específico e especializado que sexa quen de transversalizar e responsabilizar a todas as áreas do concello para que traballen con perspectiva de xénero. A loita contra as violencias machistas ou é de todas ou non será.

O Concello de Cambre ten que tender a converterse nun municipio libre de violencia de xénero, actuando en todas as causas que a provoquen, a través da dotación de recursos e da consecución dun Pacto Local en contra das violencias machistas. Xa temos un importante camiño percorrido, conseguindo altísimos niveis de participación e de compromiso nas diferentes campañas, proxectos e actuacións levadas a cabo ata o de agora cos diferentes gobernos municipais e coas achegas dos grupos da Corporación: campañas de sensibilización e de prevención, proxectos europeos, actividades de inserción social e laboral, atención e apoio ás vítimas, coeducación en centros educativos, ..., adheríndose o movemento asociativo, o tecido empresarial, partidos políticos, veciñas e veciños, ..., polo que é o momento de recoller toda esta andaina nun gran Pacto Local que declare ao municipio de Cambre libre de violencias machistas.

Outra das vertentes da violencia machista contra a que hai que loitar é a explotación sexual, a trata e as agresións sexuais, unha forma de violencia execrable que require da atención dos poderes públicos. En Cambre podemos dicir alto e claro que somos un municipio libre de locais de explotación sexual e trata e que temos que estar vixiantes e dotarnos de ferramentas para que así o siga a ser e para controlar que non se asenten en vivendas particulares. Contamos tamén no II Plan de igualdade con medidas para previr posibles agresións sexistas nas festas e eventos populares, promovendo a formación do persoal funcionario e realizando campañas de sensibilización.

Por todo isto, o Concello de Cambre asume como folia de ruta a loita pola erradicación da violencia contra as mulleres como unha prioridade e comprométese a:

- Reiterar a necesaria aplicación efectiva e desenvolvemento normativo do marco legal existente (Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero 1/2004 e a Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero 11/2007), así como demandar a reforma dos aspectos mellorables, e a dotación orzamentaria necesaria para o seu correcto desenvolvemento.
- Solicitar ao Estado e á Xunta que dote, na medidas das súas posibilidades, do financiamento necesario aos concellos para a loita contra a violencia machista e que permita destinar parte do superávit, entre outros fins, ao desenvolvemento de políticas municipais de promoción da igualdade e de prevención e atención á violencia machista.
- Instar ao Goberno de España a que inicie os trámites para as modificacións legislativas necesarias, ao obxecto de dotar de máis competencias en materia de igualdade e contra a violencia de xénero ás entidades locais, así como para acadar o desenvolvemento e mellora do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
- Recoller a andaina das diferentes corporacións municipais, centros educativos, asociacións, entidades empresarias e veciñanza en materia de promoción da igualdade e de prevención da violencia machista e materializala nun gran Pacto Local contra a violencia machista no que se declare a Cambre como municipio libre de violencias machistas.
- Acadar un acordo coa Xunta de Galicia para crear en Cambre o Centro de Información á Muller como servizo específico de atención ás mulleres e ás políticas de igualdade dun xeito integral e cunha perspectiva feminista que potencie a autonomía das mulleres vítimas da violencia machista e como servizo que impulse o abordaxe transversal da loita contra a violencia de xénero e que impregne da perspectiva de xénero ás diferentes áreas municipais, institucións, movemento asociativo e profesionais intervinientes.
- Reforzar o noso compromiso no desenvolvemento de políticas locais de promoción da igualdade e de prevención e atención da violencia de xénero, a través da mellora dos recursos municipais de cara a abordar todo tipo de violencia de xénero, continuar coas campañas de sensibilización da cidadanía, da coeducación nos centros educativos, na planificación das políticas de igualdade, na implicación dos

diferentes axentes sociais, e na abordaxe transversal da loita contra a violencia de xénero tal e como recolle o II Plan municipal de igualdade.

- Que o Concello de Cambre siga a ser un municipio libre de locais de explotación sexual e trata e estar vixiantes e dotarnos de ferramentas para controlar que non se asenten en vivendas particulares.
- Dotar ao Concello de Cambre, a través dun convenio urbanístico ou a fórmula que se considere, dun equipamento residencial de urxencia e puntual para vítimas de violencia machista e ou veciñas/os cunha situación de emerxencia sobrevida.

Por último, o Concello de Cambre quere lembrar ás mulleres e menores asasinados a mans das súas parellas e/ou ex-parellas e mostrar o noso pesar ás súas familias e a nosa máis enérxica repulsa á violencia machista. Tamén quere mostrar o seu apoio ás superviventes da violencia machista, ás que deron o paso de denunciar e de dar visibilidade á súa situación, así como as que por desgraza seguen a sufrir relacións violentas ou sufrindo outro tipo de agresións sexistas.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

## 2.2. Mocións dos grupos municipais

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:45:42

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polos grupos municipais de UxC, PSdeG-PSOE, ACdC-SON, BNG e GM(C's) en defensa do tren en Cambre. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por quince votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta esixida no artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### A) Moción de UxC, PSdeG-PSOE, ACdC-SON, BNG e GM(C's) en defensa do tren en Cambre

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:50:48.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“Na presente semana a Plataforma en Defensa do Tren A Coruña e As Mariñas, colectivo formado polas máis diversas asociacións veciñais, entidades políticas, organizacións sindicais e movementos sociais de diversa índole, unidos e comprometidos coa defensa dun transporte pública e social como é o ferrocarril, dirixiuse ao alcalde de Cambre co obxecto de solicitar o apoio deste concello á viaxe reivindicativa que o vindeiro sábado 2 de decembro, ás 10.15, desde A Coruña ata Ferrol.

O Concello de Cambre apoia publicamente esta convocatoria e anima a sumarse a el a todas aquelas persoas que o teñan a ben. Dende Cambre trasladamos a nosa vontade de:

**Primeiro:** Poñer en valor a aposta por un transporte público colectivo (ferroviario, rodoviario ou marítimo se for o caso) como único xeito de reducir o inxente volume de vehículos privados que circulan pola comarca, que dá pé a un sistema de comunicacións de todo punto insostible a nivel económico, social e medioambiental.

**Segundo:** Defender o tren de proximidade como a mellor alternativa para a interconexión da gran rexión urbana que abrangue da Coruña a Ferrol, considerando que, con puntuais melloras na liña e instalacións ferroviarias e implantando un servizo de proximidade como o que opera en todas as grandes áreas urbanas do Estado español, poderían acadarse melloras moi significativas nos problemas de mobilidade de toda a zona.

**Terceiro:** Reclamar o desenvolvemento e asunción das competencias no vixente Estatuto de Autonomía de Galicia que no punto 8 do seu artigo 27 indica que:

*27.- No marco do presente Estatuto corresponde á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva das seguintes materias:*

*(...)*

*8.- Ferrocarrís e estradas non incorporados á rede do Estado e cun itinerario que discorra integramente no territorio da Comunidade Autónoma e, nos mesmos termos, o transporte levado a cabo por estes.”*

**Cuarto:** Defender, contra tentativas privatizadoras, o transporte ferroviario como un medio de mobilidade de carácter público e social. Motor de cohesión social e igualdade de oportunidades para o conxunto da poboación e elemento de vertebración territorial e demográfica.

**Quinto:** Colaborar activamente co conxunto de institucións públicas e iniciativas de carácter popular na consecución de melloras ferroviarias para a nosa comarca e nomeadamente para Cambre, para a estación da nosa cabeceira municipal, para o apeadeiro de Cecebre e para a instalación que debe ser construída nas inmediacións da urbanización da Barcala.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:54:44

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo GM (C's) sobre detección e atención a menores con dislexia. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **B) Moción do GM (C's) sobre detección e atención a menores con dislexia**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:55:19.

Rexistrada de entrada ao núm. 0/9765 o día 8 de novembro de 2017.

Dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, voceira do GM (C's), dá lectura á moción co seguinte teor literal:

"A dislexia aínda que é de ampla e complexa definición, podemos definila como unha dificultade específica de aprendizaxe (DEA) de orixe neurobiolóxico, caracterizada pola presenza de dificultades na precisión e fluidez no recoñecemento de palabras (escritas) e por un déficit nas habilidades de decodificación (lectora) e deletreo.

A dislexia estímase que, de acordo con FEDIS (Federación Española de Dislexia e outras DEA – Dificultades específicas de aprendizaxe-), ten unha incidencia do 15% entre os españois e dá lugar a dificultades en áreas relacionados coa linguaxe, tales como ortografía, escritura, pronunciación de palabras e expresión oral.

Os estudantes coa dislexia experimentan diversos graos de dificultade na aprendizaxe que, en moitas ocasións, afectan directamente aos seus resultados escolares, sen que iso se corresponda coa súa capacidade intelectual, aptitudinal ou actitudinal. Ten dificultades para axustar o nivel de actividade ás esixencias da tarefa e o seu rendemento é irregular.

A implementación dunha serie de actuacións nos centros educativos é fundamental para que este colectivo desenvolva as súas capacidades educativas, emocionais e sociais con todos os seus dereitos e garantías. As ditas actuacións deben estar dirixidas á detección, identificación temperá, á intervención educativa, á formación dos profesionais, ao asesoramento e orientación das familias, é dicir implicar a todos os axentes da comunidade educativa.

As asociacións que representan ás persoas disléxicas piden a necesidade dun marco normativo e de formación para os docentes que garanta a atención aos alumnos afectados por este trastorno neurolóxico, que afecta a en torno a un 15% dos españois e, segundo algúns estudos, pode chegar a ser causa dun 40% do abandono escolar temperá.

O artigo 57, apartado 2, da LOMCE establece que "*Corresponde ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado*", tamén recollido no artigo 71.2 da Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Por todo o exposto, o Grupo municipal de Ciudadanos Cambre propón a este Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a elaborar un plan para a inclusión dos menores con dislexia, de carácter multidisciplinar, que involucre esencialmente os ámbitos sanitario, educativo e social, así como á elaboración dunha guía de apoio aos educadores coa información imprescindible sobre “todo o que se debe coñecer sobre a dislexia e outras DEA”.

**Segundo:** Complementar a programación lúdica e cultural do municipio con actividades especificamente adaptadas a persoas con dislexia.

**Terceiro:** Elaborar un plan de axudas ás familias que minimize calquera barreira socioeconómica de cara á superación da dislexia por parte dos menores afectados.

**Cuarto:** Establecer anualmente, no marco do Día Mundial da Dislexia, actos que permitan dar visibilidade a esta diversidade cognitiva favorecendo con iso a inclusión das persoas afectadas.”

Faise constar que cando son as vinte e unha horas e cinco minutos, durante o debate da moción, auséntase o señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, asumindo a presidencia da sesión o primeiro tenente de alcalde, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros de UxC presentes neste momento (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Cando son as vinte e unha horas e dezaseis minutos reincorpórase á sesión e asume a presidencia o señor alcalde, don Óscar A. García Patiño.

### 3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

#### 3.1. Informes do equipo de goberno

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:16:34

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1941/2017, do 2 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Daniel Carballeda Rodríguez dende o día 31 de outubro ao 29 de novembro de 2017 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.



**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1974/2017, do 7 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Elisa Pestonit Barreiros dende o día 11 ao 26 de decembro de 2017 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2053/2017, do 15 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Durante a ausencia de dona María Dolores Blanca García Fernández, dende o día 20 ao día 21 de novembro de 2017, ambos os dous incluídos, o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial, serán exercidas por don Óscar A. García Patiño, quen ostenta a presidencia da Área de Presidencia, na cal se atopan incluídos os proxectos, medidas e servizos desenvolvidos na citada delegación especial, isto tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía núm. 446/2016, do 18 de marzo.

Transcorrido o citado prazo de ausencia, dona María Dolores Blanca García Fernández continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía.

**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2096/2017, do 20 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Deixar sen efecto a avocación da delegación xenérica efectuada por Resolución de Alcaldía núm. 1941/2017, do 2 de novembro, polo que a partir da presente resolución don Daniel Carballada Rodríguez continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por Resolución de Alcaldía núm. 1841/2016, do 18 de novembro, respecto da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade.

**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do informe da tesoureira municipal, de data 28 de novembro de 2017, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente aos segundo e terceiro trimestre do ano 2017.

O informe, referido ao último día do trimestre natural, comprende:

- Os pagos realizados no trimestre natural.
- Xuros de demora pagados no trimestre natural.
- As facturas ou outros documentos xustificativos pendentes de pago ao seu final (facturas en fase de obriga recoñecida e pago ordenado).

### 3.2. Rogos

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:18:29

## Rogos do PP presentados por escrito

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 27 de novembro de 2017, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/1423 o día 28 de novembro de 2017, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

### 1º rogo – Acceso á videoacta: Minuto 01:18:36

Lee o rogo don Manuel Rivas Caridad.

Numerosos veciños do noso municipio así como transeúntes do entorno do Paraugas e do Paseo Marítimo do Temple, alertaron da existencia, dende hai xa varios meses, de dous valos dos de obra provisionais que tratan de substituír a balaustrada de obra existente no arranque da pasarela de acceso á ponte que une o noso termo municipal co de Culleredo, sobre a ría do Burgo.

Situación que preocupa aos veciños e transeúntes porque este valo separa a calzada da estrada coa pasarela de acceso á mencionada ponte, un lugar moi transitado nestes últimos meses non só polos vehículos que tradicionalmente circulan polo lugar, senón tamén polos peóns que cruzan cara á outra beira da ría.

Achéganse fotografías que amosan o estado que presenta o mencionado lugar no Temple.

De aí o perigo de que a dita balaustrada continúe, tras varios meses de rotura, sendo substituída por valos de obra provisional, que poden caer ou desprazarse tanto sobre a calzada da estrada como sobre os viandantes do paseo marítimo.

É por iso que, dende o Grupo Municipal Popular se interese da concelleira de Servizos que se adopten á maior brevidade posible as medidas adecuadas para solucionar os problemas advertidos no dito lugar.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, acepta o rogo.

### 2º rogo – Acceso á videoacta: Minuto 01:20:38

Lee o rogo don Juan M<sup>a</sup> Abalo Castex.

Conforme co artigo 23.1 da Constitución Española de 1978 *“Os cidadáns teñen o dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal”*. Dereito recollido entre os fundamentais que a nosa Carta Magna recoñece aos españois, dotado polo tanto, da maior protección constitucional.

Entre estes representantes dos cidadáns libremente escollidos atópanse os concelleiros, os que para poder participar nos asuntos públicos en representación dos veciños que os elixiron, necesitan dispoñer dos antecedentes necesarios para que ese dereito de participación nos asuntos municipais sexa real e efectivo.

Concelleiros que, no caso dos que ocupamos a oposición ao Goberno municipal, temos como misión, entre outras, a fiscalización das actuacións municipais e o control, análise, estudo e información dos antecedentes e ditames necesarios tanto para ese labor de control como para documentarse con vistas a decisións a adoptar no futuro.

En desenvolvemento do dito dereito constitucional, o artigo 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local dispón que *“Todos os membros das corporacións locais teñen dereito a obter do alcalde ou presidente ou da comisión de goberno cantos antecedentes, datos e informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.*

*A solicitude de exercicio do dereito recollido no parágrafo anterior deberá de ser resolta motivadamente nos cinco días naturais seguintes a aquel no que se tivera presentado.”*

Sobre esta base legal, o Grupo Municipal Popular solicitou mediante senllos escritos presentados no rexistro do noso concello do 21 de setembro e 27 de outubro deste mesmo ano, que se nos remitira copia completa, ordenada e foliada do expediente administrativo do Festival “Rock in Cambre”, sen que a día de hoxe se teña resolto a dita solicitude coa entrega do expediente solicitado.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se inste ao señor alcalde de Cambre, que como vemos é o encargado de cumprir coa dita obriga, a subministrar a esta parte da oposición que así llo ten solicitado reiteradamente dende hai meses, a copia do expediente requirido, en cumprimento da dita obriga legal.

Dona Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, acepta o rogo.

**3º rogo – Acceso á videoacta:** Minuto 01:28:39

Lee o rogo don Manuel M<sup>a</sup> Mora Pita da Veiga.

Entre as funcións propias dos membros dos grupos políticos que forman parte da Corporación municipal atópase a de asistencia a aqueles actos que o concello realiza con carácter institucional, corporativo ou conmemorativo. Asistencia que os ditos membros debemos compatibilizar coas nosas obrigas laborais ou profesionais e as nosas cargas ou responsabilidades familiares.

Difícilmente poderemos, os membros da Corporación, cumprir co deber de asistencia aos ditos actos se nin sequera somos invitados. Tal e como ocorreu o pasado xoves 2 de novembro na clausura do proxecto Anainar, que contou coa asistencia, entre outras autoridades, da directora xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. Ausencia de invitación que pode estar motivada pola intención de que os concelleiros que non forman parte do Goberno municipal non escoiten os eloxios do señor alcalde á igualdade, igualdade que el mesmo incumpe coas concelleiras do seu equipo de goberno dende o inicio de lexislatura.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se interese do equipo de goberno que informe e invite a todos os membros da Corporación municipal, persoalmente ou a través do voceiro do grupo a que pertenza, da celebración de todo acto promovido, realizado ou celebrado polo mesmo, con polo menos 48 horas de antelación á súa realización, de forma que así se permita a asistencia de membros corporativos aos actos e eventos programados polo noso concello.

Dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación, acepta o rogo.

### **Rogos de ACdC-SON presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 999/348 o día 27 de novembro de 2017, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

**1º rogo** – *Acceso á videoacta:* Minuto 01:32:42

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Veciños da rúa Socampo puxeron en coñecemento do noso grupo a deterioración do viario identificado co número 00066 no inventario de camiños municipal, incluíndo as cunetas, tubos de recollida de augas pluviais e do propio saneamento de vivendas, este feito ten a súa orixe na circulación de camións de gran tonelaxe e transporte de madeira.

Este problema foi posto en coñecemento da Policía local, tendo en conta que o camiño está limitado e debidamente sinalizado para transportes de menos de 12 Tn, e segundo informacións dos afectados circulan camións de máis do dobre de tonelaxe.

Pregamos nos informen se teñen adoptado ou previsto adoptar algún tipo de medidas antes este feito.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta que a Policía local non ten denuncias nin chamadas ao respecto. Solicita a colaboración dos veciños e que avisen cando ocorran tales feitos.

**2º rogo** – *Acceso á videoacta:* Minuto 01:34:10

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Unha das estradas máis perigosas do concello é a estrada da Deputación CP-1707. O reducido ancho onde dificilmente se cruzan dous vehículos, non permite a circulación de peóns en condicións óptimas de seguridade, cuestión esta que priva aos veciños de trasladarse a pé pola marxe do viario, ou polo contrario arriscar as súas vidas nos desprazamentos andando polas cunetas.

O noso grupo municipal considera que os veciños de Armental ou outros afectados por este problema deben ter unha resposta definitiva que poña fin á situación de risco e inseguridade permanente que sofren.

Por este motivo pregamos ao pleno municipal demande da Deputación da Coruña, como titular desta vía, elabore e leve a cabo un proxecto para dotar de beirarrúas ou no seu caso dunha senda peonil, pola marxe esquerda dende Armental ao cruzamento coa estrada AC-214 na Castellana.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, acepta o rogo.

**3º rogo** – *Acceso á videoacta:* Minuto 01:35:35

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Dende a Xunta de Galicia e outras institucións, tanto públicas como privadas, están facendo campañas informativas respecto do consumo sostible e responsable na utilización racionalizada da auga ante os problemas derivados pola falta de choiva, cuestión que valoramos positivamente e apoiamos.

Entre outras cuestións solicítase a implicación directa dos concellos e por suposto da cidadanía: “A xestión intelixente da auga implica que os concellos teñan que modificar temporalmente algúns servizos polo ben de todos.”

Todas e todos temos que facer esforzos e facer un consumo sostible deste dereito universal, pero cobrarlle 30m<sup>3</sup> (300 litros) ao trimestre á cidadanía como consumo mínimo, mentres se lle pide que aforre auga é un insulto baixo o noso criterio. Algo terá que facer o Goberno municipal respecto desta desproporción, non é lóxico que en moitos fogares, establecementos ou dependencias, se consuman 6m<sup>3</sup> de auga ao trimestre e se paguen 30, isto, entende o noso grupo, tamén debería ser modificado na ordenanza correspondente.

Por isto, pregamos que no prazo máis breve se modifique a dita ordenanza, polo motivo exposto neste rogo.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta que o van estudar.

### 3.3. Preguntas

*Acceso á videoacta:* Minuto 01:39:39

#### Preguntas do PP presentadas por escrito

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 27 de novembro de 2017, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/1423 o día 28 de novembro de 2017, xunto cos rogos presentados para este pleno.

**1ª pregunta –** *Acceso á videoacta:* Minuto 01:39:45

Lee a pregunta dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel.

O pasado mes de maio, o alcalde de Cambre, co gran despregue mediático ao que nos ten acostumados dende o inicio de lexislatura, anunciou nos medios de comunicación que *“ante a elevada insatisfacción constatada”* íase a municipalizar o servizo de roza de camiños de titularidade municipal, xa que *“Non queremos que nos volva pasar o dos últimos anos, nos que recibimos centos de chamadas queixándose do servizo. Por iso faremolo nós mesmos cos nosos medios”*.

As queixas recibidas polos veciños sobre a deficitaria actuación das empresas que resultaron concesionarias do servizo de roza, propiciou, segundo as súas propias declaracións, que os técnicos municipais fixeran un seguimento das actuacións levadas a cabo e comprobaran que non se executaban as condicións recollidas no contrato, sancionando incluso a varias empresas por iso.

En pleno mes de novembro, son numerosas as queixas que os nosos veciños nos trasladan sobre a tardanza e deficiencia do servizo de roza, que segundo se anunciou, non ía supoñer, sequera, un aforro económico. Para a concelleira de Servizos esta municipalización *“pretende un maior control e seguimento sobre os traballos co único fin de mellorar o servizo.”*

Á vista das numerosas queixas recibidas que coinciden, non só coa ausencia de mellora, senón co empeoramento do servizo de roza unha vez municipalizado, así como ante a ausencia de aforro para as arcas municipais co novo sistema, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao equipo de goberno sobre o grao de satisfacción derivada da remunicipalización do servizo de roza que aconselle repetir ou non o dito sistema no exercicio que vén.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

O señor alcalde amplía a contestación.

**2ª pregunta – Acceso á videoacta:** Minuto 01:43:36

Lee a pregunta dona Rocío Vila Díaz.

Varias foron as veces nas que o Grupo Municipal Popular levou entre os seus rogos e preguntas nos últimos meses a demanda de dotar á parroquia de Cela dun centro sociocultural, ao ser a única das nosas parroquias que non conta coas ditas instalacións.

O auténtico sainete en que se ten convertido o dito asunto, grazas á xestión do equipo de goberno municipal, con desplantes á Fundación Tenreiro e posterior ofrecemento a esta da compra de terreos da súa propiedade, a convocatoria dun concurso público que quedou deserto, o amago de iniciación dun procedemento expropiatorio, o dispendio de diñeiro público na elaboración de proxectos, estudos e informes, etc., teñen levado aos veciños a preguntarse se o actual equipo de goberno ten realmente intención de construír o dito equipamento en Cela.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao equipo de goberno en que fase se atopa a promesa de construír en Cela un centro social.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, contesta a pregunta.

**3ª pregunta – Acceso á videoacta:** Minuto 01:45:03

Lee a pregunta dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe.

Coa finalidade de dinamizar o comercio do noso municipio, no mes de decembro, dende a Concellería de Desenvolvemento Socioeconómico adoitase programar actuacións dirixidas a reactivar o consumo nos comercios de Cambre.

A experiencia vivida o pasado ano coa cesión de espazos sen unha mínima convocatoria pública na Casa da Cultura Vila Concepción, no Temple, que incluían gasto público en publicidade para a celebración do evento “*Recuncho do Nadal*”, así como o decepcionante resultado do mercado de Nadal celebrado no campo da feira de Cambre, fai que os veciños, comerciantes e empresarios do noso municipio sexan enormemente escépticos sobre o resultado das campañas e axudas que dende o Goberno municipal de Cambre se estean preparando para este vindeiro mes de decembro.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte á concelleira competente en materia de Desenvolvemento Socioeconómico cales son as campañas e axudas que se están preparando dende o noso concello para o apoio dos nosos comerciantes e empresarios no vindeiro mes de decembro.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta a pregunta.

**Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 999/348 o día 27 de novembro de 2017, xunto cos rogos presentados para este pleno.

**1ª pregunta – Acceso á videoacta:** Minuto 01:47:43

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

No cruzamento da estrada Polígono coa estrada Francisco Añón, atopábase ata hai pouco un terreo privado que vai comezar obras baixo as correspondentes licenzas e permisos. O problema que ninguén parece que tivo en conta, e máis por estar nas proximidades do centro de saúde e o problema da accesibilidade. Gustaríame saber se alguén tivo nalgún momento en conta o paso dunha cadeira de rodas ou dunha nai cun carriño de bebé polo que se deixou de beirarrúa.

Dende ACdC consideramos que o Goberno debe velar pola seguridade de todos os cidadáns e, polo tanto, preguntamos sobre as medidas necesarias que prevé tomar o equipo de goberno de cara a solucionar este potencial problema que pode ter consecuencias desastrosas.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta a pregunta.

**2ª pregunta – Acceso á videoacta:** Minuto 01:49:12

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Veciños da praza Miguel Ángel Blanco teñen denunciado repetidamente a presenza duns depósitos de combustible, dentro do parque infantil. Ante o perigo evidente que leva consigo este feito preguntamos:

Que medidas de continxencia ten pensado o Goberno local ante calquera problema que xurda nestes depósitos?

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta a pregunta.

**3ª pregunta – Acceso á videoacta:** Minuto 01:50:03

Lee a pregunta don Antoiu Bruquetas Santos.

Tras unha reunión celebrada recentemente entre membros deste equipo de goberno e pais e nais da Barcala, na que estes requiriron melloras no parque infantil da parte posterior da rúa Río Mandeo, non temos coñecemento das previsións do Goberno respecto destas peticións.

En visita realizada polo noso grupo municipal ao parque infantil, observamos múltiples deficiencias e anomalías que, incluso, poden ser perigosas para os seus usuarios. O chan de casca é un foco de infeccións e aniñamento de bichos, ademais de provocar poeira en tempo seco e enchouparse cando chove. A pista de entrada está chea de danos como consecuencia, supoñemos, das cacharelas de San Xoan, que provocan a deterioración do firme, atopándose actualmente nun estado pouco útil para que os cativos corran ou utilicen patíns, bicicletas, ou xoguen cunha pelota.

Detectamos que algúns elementos faltan e non foron substituídos, tales como bancos ou mesas de lecer para pais e adultos que tamén frecuenten o parque. Con independencia do grande investimento previsto para outros dos parques da Barcala, os pais e nais usuarios do parque ao que estamos a facer referencia son moitos e suficientes como para que se manteña en óptimas condicións de uso. Cómpre lembrar a numerosa poboación existente na Barcala, sendo moita dela nova con fillos pequenos. Non podemos descoidar un parque infantil co pretexto de que se vai adaptar outro na súa proximidade. Son

moitos os nenos e nenas que usan o parque ao que facemos referencia e pouco o investimento económico necesario para que non quede en desuso. Fundamentalmente, os pais e nais deste parque requiren dúas actuacións: substitución do chan de casca e arranxo da pista.

Pode o Goberno municipal informarnos do compromiso temporal e de actuación que formalizou cos usuarios deste parque en reunión mantida?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

### **Preguntas de C's presentadas por escrito**

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 27 de novembro de 2017, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/1424 o día 28 de novembro de 2017.

#### **1ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 01:54:20**

Lee a pregunta dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo.

Pregúntannos algúns veciños se está traballando o Goberno de Cambre no Plan xeral de ordenación urbana ou só realizan modificacións puntuais ás Normas subsidiarias mentres non teñamos unha nova empresa que o redacte. De ser así preguntamos:

Están facéndoo vostedes sós, e con que criterio?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta a pregunta.

#### **2ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 01:55:40**

Lee a pregunta dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo.

Coa entrada en servizo da parada de “Entrexardíns” que unirá varios concellos co centro da cidade da Coruña, gustaríanos saber:

Interesáronse vostedes ou preguntaron se habería que facer transbordo na ruta “Cambre-A Coruña” dado que os veciños demandan saber se os autobuses de Cambre en dirección Coruña e viceversa farán parada nos hospitais Materno infantil e Chuac?

Don Daniel Carballeda Rodríguez, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, contesta a pregunta.

#### **3ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 02:00:03**

A XXXIII edición do Certame de pintura de Cambre deu un prazo de recepción para as obras que optasen a participar dende o día 6 ao 17 de novembro. Na prensa publicouse o día 10 de novembro, cando xa pasaran catro días.

Non consideran incrivelmente escaso o tempo que se lles deu aos participantes dende que puideron ter coñecemento polos medios de comunicación ata o día de finalización de entrega, un total de só seis días de marxe?





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Don Daniel Carballada Rodríguez, concellerio delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e dous minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia